



Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1310R2		05-04-19 12:12

Número 72 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do Proxecto corrixido de "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixa", e a súa inclusión dentro do "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.(Plan Único de Concellos) "POS+ 2019".

Destinatario

15078DCMG1310R2G



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 05 de abril de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 72 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DE "MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIO CULTURAL DE GRIXOA", E A SÚA INCLUSIÓN DENTRO DO "PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 4 de abril de 2019, do xefe do servizo de Proxectos e Obras, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, do seguinte teor literal:

"I ANTECEDENTES:

Con data de 13 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno local acordou aprobar a proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á "Modificación do acordo da sesión de 20.12.18, sobre participación do Concello de Santiago no POS (Plan Único de Concellos) POS+2019".

Neste acordo, tomouse a determinación de aprobar o proxecto denominado "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixa"

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310R2	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-04-19 12:12

Con data de 04 de abril, o Concello recibe notificación dun informe de supervisión desfavorable do proxecto, emitido polos Servizos Técnicos da Deputación (n/ref:2018000039326), no cal se indica que falta o programa de obra valorado que estaba incorporado no anterior proxecto informado.

O informe técnico de 04/04/19 sobre o proxecto corrixido indica que o proxecto a aprobar inclúe a corrección da deficiencia sinalada no informe desfavorable emitido polos Servizos Técnicos da Deputación, (incorporase o programa de obra valorado que estaba incorporado no anterior proxecto) non existindo variación sobre a finalidade do proxecto, alcanzando as modificacións a aspectos sen que exista variación sobre o orzamento global do proxecto. Non existe variación, en consecuencia, sobre a declaración feita pola Intervención municipal que recolle o carácter de Investimento Financeiramente Sostible deste proxecto.

II PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

De conformidade co ata aquí exposto entendemos que procede:

- 1.- **APROBAR** o proxecto corrixido do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixoa" sen variación na finalidade do proxecto, nin no orzamento global do mesmo, a respecto do proxecto orixinal.
- 2.- **COMUNICAR** á Deputación Provincial de A Coruña a aprobación deste proxecto corrixido, e a súa inclusión dentro do Plan Único de Concellos POS+ 2019, en substitución do proxecto orixinal."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

- 1.- **APROBAR** o proxecto corrixido do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixoa" sen variación na finalidade do proxecto, nin no orzamento global do mesmo, a respecto do proxecto orixinal.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310R2	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-04-19 12:12

2.- **COMUNICAR** á Deputación Provincial de A Coruña a aprobación deste proxecto corrixido, e a súa inclusión dentro do Plan Único de Concellos POS+ 2019, en substitución do proxecto orixinal.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández